



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

CELRO RODRÍGUEZ PADRÓN, SECRETARIO XERAL DO CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL,

CERTIFICO: QUE O PLENO DO CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL, NA SÚA REUNIÓN DO DÍA DA DATA, APROBOU O INFORME SOBRE O PROXECTO DE REAL DECRETO SOBRE IMPLANTACIÓN NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA DO SISTEMA INFORMÁTICO DE TELECOMUNICACIÓN LEXNET PARA A PRESENTACIÓN DE ESCRITOS E DOCUMENTOS, O TRASLADO DE COPIAS E A REALIZACIÓN DE ACTOS DE COMUNICACIÓN PROCESUAL POR MEDIOS TELEMÁTICOS, SENDO DO SEGUINTE TEOR LITERAL:

I

ANTECEDENTES

Por oficio de 8 de xuño de 2006, que tivo entrada no Consello Xeral do Poder Xudicial o mesmo día, o Excmo. Secretario de Estado de Xustiza, consonte ao establecido no artigo 108.1 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, solicitou deste Consello a emisión de informe sobre o Proxecto de Real Decreto sobre implantación na Administración de Xustiza do sistema informático de telecomunicación Lexnet para a presentación de escritos e documentos, o traslado de copias e realización de actos de comunicación procesual por medios técnicos.

A Comisión de Estudos e Informes deste Consello, na súa reunión do día 20 de xuño de 2006, designou relator do presente Informe ao Excmo. Sr. D. Javier Laorden Ferrero, aprobándose o mesmo en sesión de data 4 de xullo de 2006 para a súa remisión ao Pleno.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

II

CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE A FUNCIÓN CONSULTIVA DO CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

O art. 108.1 da Lei Orgánica do Poder xudicial atribúelle ao Consello Xeral do Poder Xudicial o exercicio da función consultiva respecto dos anteproxectos e disposicións xerais do Estado e das Comunidades Autónomas que afecten total ou parcialmente ás seguintes materias: “a) determinación e modificación das demarcacións xudiciais e da súa capitalidade nos termos do artigo 35 desta Lei”; “b) Fixación e modificación do cadro de persoal orgánico de Xuíces, Maxistrados, Secretarios e persoal que preste servizos na Administración de Xustiza”; “c) Estatuto orgánico de Xuíces e Maxistrados”; “d) Estatuto orgánico dos Secretarios e do resto do persoal ao servizo da Administración de Xustiza”; “e) Normas procesuais ou que afecten a aspectos xurídico-constitucionais da tutela ante os Tribunais ordinarios do exercicio de dereitos fundamentais e calquera outras que afecte á constitución, organización, funcionamento e goberno dos Xulgados e Tribunais”; “f) Leis penais e normas sobre réxime penitenciario”; “g) Aquelas outras que lle atribúan as leis.”

Á luz desta disposición legal, nunha correcta interpretación do alcance e sentido da potestade de informe que nela se lle recoñece ao Consello Xeral do Poder Xudicial, o parecer que lle corresponde emitir ao Anteproxecto remitido deberá limitarse ás normas substantivas ou procesuais que nel se inclúen especificamente, evitando calquera consideración sobre cuestións alleas ao Poder Xudicial ou ao exercicio da función xurisdiccional que este ten encomendada.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

O Consello Xeral do Poder Xudicial veu delimitando o ámbito da súa potestade de informe partindo da distinción entre un ámbito estrito, que coincide en termos literais co ámbito material definido no citado artigo 108.1 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, e un ámbito ampliado que se deriva da posición do Consello como órgano constitucional do goberno do Poder Xudicial. Por tanto, dentro do primeiro ámbito, o informe que debe emitirse deberá referirse, de maneira principal, ás materias previstas no precepto citado, eludindo, con carácter xeral polo menos, a formulación de consideracións relativos ao contido do Anteproxecto en todas as cuestións non incluídas no citado artigo 108.1 da Lei Orgánica do Poder Xudicial. En canto ao ámbito ampliado, cabe dicir que o Consello Xeral do Poder Xudicial debe expresar o seu parecer tamén sobre os aspectos do Proxecto que afecten dereitos e liberdades fundamentais, en razón da posición prevalente e da eficacia inmediata que gozan por disposición expresa do artigo 53 da Constitución. Neste punto, debe partirse especialmente dos pronunciamentos do Tribunal Constitucional, como intérprete supremo da Constitución, cuxas resolucións ditadas en todo tipo de procesos constitúen a fonte directa de interpretación dos preceptos e principios constitucionais, vinculando a todos os xuíces e tribunais. Ademais do anterior, consonte ao principio de colaboración entre os órganos constitucionais, o Consello Xeral do Poder Xudicial veu indicando a oportunidade de efectuar nos seus informes outras consideracións, relativas tanto a cuestións de pura técnica lexislativa, ou terminolóxicas, co ánimo de contribuír tanto a mellorar a corrección dos textos normativos, como á súa efectiva aplicabilidade e incidencia sobre os procesos xurisdicionais, xa que son os órganos xurisdicionais os que deben aplicar posteriormente na práctica as normas correspondentes.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

III

ESTRUTURA E CONTIDO DO ANTEPROXECTO

O Proxecto obxecto de informe por este Consello, nace co obxectivo de potenciar a plena incorporación das tecnoloxías da comunicación no ámbito da Administración de Xustiza, constatada a importancia daquelas no desenvolvemento das diferentes actividades sociais e económicas nun contexto internacional de progreso técnico no marco da chamada sociedade da información.

Neste entorno, como sinala a Exposición de Motivos do Real Decreto proxectado, do que non pode excluírse á Administración de Xustiza, o sistema informático Lexnet intégrase no plan de modernización desta Administración; finalidade que esixe a incentivación do emprego de novas tecnoloxías na xestión procesual, de tal xeito que as formas de traballo das “oficinas xudiciais evolucionen e se adapten á sociedade da información”, como requiren cada vez máis os cidadáns, e demandan os profesionais que os representan.

As vantaxes do emprego das novas tecnoloxías da información na xestión procesual redundarán nunha maior eficacia e calidade na atención ao cidadán. Malia o anterior, estes novos medios técnicos incorporan tamén riscos, que, no caso da Administración de Xustiza e da tramitación procesual dos asuntos, adquiren unha notable virtualidade.

Por tanto, a regulación da materia debe afrontar ademais a imposición do cumprimento de requisitos e a esixencia de garantías na súa utilización.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

O sistema Lexnet regulado neste Real Decreto baséase, como ferramentas informáticas básicas, no correo electrónico seguro e na sinatura electrónica. A súa regulación constrúese, dende as perspectiva técnicas e coas modalidades necesarias, a partir e sobre a base dos principios, requisitos e esixencias aplicables na materia, a saber, de forma especial, na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de setembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, no Real Decreto 994/1999, de 11 de xuño, polo que se aproba o regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, na Lei 59/2003, de 19 de decembro, de sinatura electrónica, así como no Regulamento 1/2005, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais (Acordo do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, de 15 de setembro), e na Instrución 2/2003, de 26 de febreiro, do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, que aproba o Código de Conduta para usuarios de Equipos e Sistemas Informáticos ao Servizo da Administración de Xustiza.

Con carácter xeral, o Real Decreto engarza coas previsións dos arts. 230 LOPX (que prevé a posibilidade de que órganos xudiciais e cidadáns que actúen ante eles utilicen, con pleno respecto ás leis de procedemento, nas súas relacións medios técnicos, electrónicos, informáticos e telemáticos, compatibles entre si, sempre que se dean condicións de seguridade, autenticidade, integridade, constancia plena da súa realización, momento da mesma, e garantías de confidencialidade dos datos de carácter persoal), e 135.5 (respecto ao envío e recepción de escritos e documentos), 135.6 (traslado previo de copias entre Procuradores), e 162 (práctica dos actos procesuais de comunicación), todos da LEC.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

O Proxecto de Real Decreto consta de doce artigos, dúas disposicións adicionais (a primeira destinada a determinar o ámbito territorial de implementación, e a segunda á fixación do ámbito subxectivo de aplicación), unha Disposición transitoria Única (que prevé a implantación gradual do sistema), e dúas Disposicións finais (a primeira, habilitando ao Ministro de Xustiza para modificar e aprobar a relación de campos incluída nos formularios normalizados reflectidos nos tres Anexos do texto normativo; e a segunda, sinalando o día seguinte á súa publicación no BOE como data de entrada en vigor do texto).

Nos primeiros preceptos do Proxecto recóllense as referencias xerais ao obxecto e ámbito de aplicación (art. 1), a definición e as características do sistema (art. 2), e a súa aplicación conforme ao disposto na lei de protección de datos de carácter persoal.

Son os seguintes preceptos os que conteñen o réxime aplicable ao sistema Lexnet, e concretamente aspectos referidos a condicións, requisitos, características e garantías técnicas do mesmo. Dito doutro xeito, o Proxecto non regula eficacia xurídica dos actos de comunicación procesual, nin a súa natureza, nin finalidade; unicamente inclúe as necesarias modulacións e adaptacións orixinadas polo recurso a un novo soporte técnico de relación-comunicación, o medio informático; soporte caracterizado por no ser un soporte físico, e que, consecuentemente, require diferenzas na realización práctica da comunicación e, esencialmente, garantías de confidencialidade, integridade da emisión e recepción, compatibilidade de equipos, seguridade do sistema, por citar algunha.

A abordar estas cuestións e outras de natureza equivalente queda dedicado o resto do articulado.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

O art. 4 recolle o réxime de utilización do sistema Lexnet, coa previsión de emprego obrigatorio para Secretarios xudiciais e funcionarios dos Corpos ao servizo da Administración de Xustiza, que figuran no Anexo II do Real Decreto (relativo á relación de usuarios), destinados en Oficinas Xudiciais que dispoñan do sistema e estean dotadas dos medios precisos, e para os Colexios de Procuradores que posúan tamén estes medios técnicos. Establécese, a continuación, que o sistema Lexnet constitúa vía de comunicación preferente “cos que figuren dados de alta como usuarios no sistema”, e prevé a posibilidade de que causas técnicas impidan a normal utilización destes medios técnicos.

No art. 5 enúncianse as diferentes funcionalidades que presta o sistema Lexnet, e que o Proxecto concreta en: presentación, transporte de escritos procesuais e dos documentos que os acompañen, distribución e remisión á Oficina Xudicial, xestión do traslado de copias, con acreditación da data e hora do mesmo e dos Procuradores comparecentes, realización de acosa de comunicación procesual, expedición de xustificantes electrónicos, integrables nas aplicacións de xestión procesual, xustificativos e acreditativos da correcta realización e a presentación de escritos e documentos anexos, traslados de copias e remisión e recepción de actos de comunicación procesual, con inclusión, en todo caso, de data e hora efectiva, constancia de asento de cada unha das transaccións telemáticas, identificando ao remitente e destinatario, data e hora e proceso xudicial ao que se refire, con expresión do tipo de procedemento, número e ano, e calquera outra que se lle atribúa.

A administración do sistema encárgase ao Ministerio de Xustiza, sen prexuízo das competencias asumidas en materia de Xustiza polas



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Comunidades Autónomas e dos termos dos Convenios de Colaboración subscritos coas mesmas (art. 6).

A dispoñibilidade do sistema telemático, cuestión que aborda o art. 7, queda establecida nas vinte e catro horas do día, ao longo de todo o ano, sen prexuízo das necesarias paradas técnicas en punto ao mantemento do sistema, ou outras razóns de carácter tecnolóxico. Sen embargo, esta absoluta dispoñibilidade non implica alteración ningunha respecto ao establecido na lexislación procesual en materia de tempo hábil para as actuacións procesuais, prazos e cómputo.

A presentación de escritos e documentos, traslado de copias e actos de comunicación por medio deste sistema require necesariamente que os usuarios completen, con carácter previo, todos os campos de datos obrigatorios presentes no formulario normalizado e que se incorporan no Anexo I (art. 8).

O sistema permite, a teor do texto do art. 9 do Proxecto, acompañar o formulario antes mencionado, co documento electrónico anexo, que conteña o propio acto procesual obxecto de transmisión, así como outros, un por cada un dos documentos electrónicos a engadir, podendo o usuario comprobar a incorporación de todos eles antes do seu envío. En caso de que polas características do documento isto non fose posible, “o usuario fará chegar dita documentación ao destinatario por outros medios, na forma que establezan as normas procesuais, e deberá facer referencia aos datos identificativos do envío telemático o formulario ao que non puido ser achegada” (art. 9).



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Antes de proceder ao envío, o sistema requirirá do remitente a súa sinatura electrónica recoñecida, tanto no formulario cumprimentado como nos documentos anexados (art. 10).

Finalmente, os art. 11 e 12 quedan dedicados á regulación da operatividade funcional da presentación telemática de escritos e documentos e do traslado telemático de copias entre Procuradores e á mesma cuestión en relación cos actos de comunicación procesual, respectivamente.

O primeiro refírese, daquela, á presentación telemática de escritos e documentos, parágrafo 1 no que se remite ao dito nos arts. 8, 9 e 10 deste mesmo Proxecto), ao traslado telemático de copias entre Procuradores, cuxo formulario debe permitir a posibilidade de tal traslado segundo o disposto na normativa procesual, unha vez completados os datos necesarios (segundo apartado), e á detección e información en caso de incidencias, erros e deficiencias na transmisión (parágrafo 3), a efectos da súa emenda, mediante novo envío ou por outro medio. O sistema deberá confirmar, á súa vez, a recepción polo destinatario, constituíndose a falta de confirmación en elemento para considerar que non se produciu a recepción.

Polo que atinxe á operatividade funcional da realización telemática de actos de comunicación procesual, o art. 12 regula a acreditación da remisión e posta a disposición do destinatario do acto de comunicación, a acreditación da recepción do acto de comunicación polo destinatario, e a constatación, comunicación e emenda de incidencias, erros e deficiencias na transmisión destes actos.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Péchase o Proxecto de Real Decreto con tres Anexos dedicados, o primeiro, á recepción da relación de campos a completar no formulario normalizado para a presentación de escritos, á relación de usuarios, o segundo, e ao establecemento dos requisitos de acceso e requirimentos técnicos do sistema, o terceiro e último.

IV

CONSIDERACIÓNS SOBRE O CONTIDO DO ANTEPROXECTO

A incorporación das tecnoloxías da comunicación ao ámbito da pluralidade de actividades sociais e económicas dun país resulta elemento fundamental para o progreso de toda a sociedade.

Neste punto, no noso país, como nos do noso entorno xurídico e político, a chamada sociedade da información puxo de manifesto, non só a súa importancia e imprescindibilidade ao obxecto de promoción e desenvolvemento do avance social, senón que ademais se mostrou como un factor de integración (e illamento) social, así como un instrumento basilar no ámbito das relacións entre o cidadán e as Administracións públicas.

Nunha sociedade, como a actual, onde as relacións entre individuos, poderes e Administracións públicas, empresas-traballadores, entre outros, son cada vez máis continuadas, e necesitadas de canais específicos que permitan a súa continuidade e fluidez, as enormes posibilidades que presenta a moderna tecnoloxía da información e da comunicación son realidades que dificilmente poden deixarse a unha banda.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

A esta realidade, non foron alleas, con carácter xeral, as Administracións públicas, conscientes do lugar que lles corresponde desempeñar na efectiva extensión e implantación do emprego das novas ferramentas tecnolóxicas na xestión pública, como medios idóneos e insubstituíbles tanto na mellora da eficacia e eficiencia xestora, como na potenciación da obxectividade e transparencia da actuación pública.

Lémbrese, neste sentido, a «inflación» normativa en materia de información e comunicación (a Lei reguladora da Sociedade da Información, as diversas e dispersas normas relativas a comercio electrónico e a través da rede de comunicación «Internet», a Lei 59/2003, de 19 de decembro, de sinatura electrónica, a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, por non citar as propias do ámbito dos medios de comunicación, en continuo e permanente proceso de reforma), habida no noso país nos últimos anos; ou os diferentes Plans e Proxectos (estatais e autonómicos) de promoción do emprego da informática nas relacións cidadán-Administración Pública (abonde citar, os exemplos do «portelo único» a través de Internet, ou a formalización do cumprimento de obrigas tributarias por medio de soportes electrónicos); actividades que son, á súa vez, copia e reflexo de actuacións e regulacións de contido semellante no ámbito da Unión Europea.

A Administración de Xustiza, caracterizada pola constancia das relacións que establece co particular-cidadán e/ou a súa representación legal, non pode quedar á marxe deste proceso. A introdución das novas tecnoloxías na actuación, ou máis exactamente e mellor dito, na tramitación dos expedientes xudiciais, móstrase, daquela, ineludible a fin de conseguir unha prestación da Xustiza máis áxil e eficaz, e en conxunto de maior calidade. Para isto será necesaria a aplicación de métodos de



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

organización e instrumentos de comunicación procesual novos e de marcado carácter técnico que requiren, á súa vez da modernización da estrutura e os medios (materiais, pero tamén persoais, é dicir, formación e actualización continua de funcionarios e/ou traballadores) ao servizo da Administración de Xustiza, como se puxo de manifesto no Preámbulo da *Carta de Dereitos dos Cidadáns ante a Xustiza*, aprobada como Proposición non de Lei polo Pleno do Congreso dos Deputados, con data de 16 de abril de 2002.

A este proceso de desenvolvemento e progresiva implantación de medios técnicos, así como ás virtualidades e vantaxes que os mesmos encerran en punto á súa utilización na tramitación e xestión procesual, non foi alleo este Consello Xeral do Poder Xudicial.

Antes ben, igual que no ámbito da informática e estatística xudicial, este órgano veu desenvolvendo e promovendo o emprego das posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías polo persoal ao seu servizo.

Así, sen intención exhaustiva, entre as máis recentes actuacións nesta materia deste Consello cabe destacar a aprobación do Test de Compatibilidade dos Sistemas Informáticos de Xestión procesual, adoptado por *Acordo do Pleno* deste órgano de 8 de novembro de 1999; a adopción da constitución do Servizo Común de Rexistro Xeral Único no TSX de Madrid, co fin de aproveitar mellor os novos sistemas informáticos –Sistema Minerva–, potenciando así a calidade e rapidez no rexistro de asuntos e a súa distribución e reparto entre as diferentes Secretarías (*Acordo do Pleno de data de 28 de maio de 2003*); a aprobación do Convenio de colaboración entre este Consello, o Ministerio de Xustiza e a Consellería de Xustiza e administración Pública da Xunta de Andalucía,



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

para a aplicación de NEDUIS e sistemas informáticos na Sección VII da Audiencia Provincial de Málaga (*Acordo do Pleno de 27 de outubro de 2005*); ou da Addenda, por *Acordo do Pleno de 15 de decembro de 2005*, ao Convenio de colaboración celebrado entre a Fábrica Nacional da Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda e este Consello, para a prestación de servizos de certificación de sinatura electrónica, suscrito con data 9 de decembro de 2003, adoptado por *Acordo do Pleno de 3 de decembro do 2005*.

Con carácter máis xeral, o Regulamento 1/2005, de Aspectos Accesorios das Actuacións Xudiciais (aprobado por *Acordo do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial de 15 de setembro*), dedica o Título V á regulación «Do establecemento e xestión dos ficheiros automatizados baixo a responsabilidade dos órganos xudiciais», é dicir, os ficheiros automatizados mencionados no art. 230.5 LOPX, a saber, os constituídos cos datos de carácter persoal que figuren nos procesos xudiciais que se coñezan e os que consten nos procesos gubernativos, e o Título VI á previsión «Do procedemento de aprobación dos programas, aplicacións e sistemas informáticos da Administración de Xustiza», marco normativo aplicable aos mesmos programas e aplicacións informáticas, é dicir, aos previstos no art. 230.5 LOPX.

Ademais, por *Acordo do Pleno* deste Consello, *con data 26 de febreiro*, aprobouse a Instrución 2/2003 que recolle o Código de Conduta para usuarios de Equipos e sistemas Informáticos ao Servizo da Administración de Xustiza.

Instrución que, sobre a base del art. 230.5 LOPX e os respectivos preceptos do Regulamento de Aspectos Accesorios das Actuacións Xudiciais, procede ao establecemento da definición, a efectos de



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

aplicación da norma, dos termos usuario (que remite a todos os profesionais que prestan os seus servizos nos órganos xudiciais e exemplifica en Xuíces, Maxistrados, Secretarios Xudiciais, funcionarios, persoal laboral, Médicos Forenses, Contratados, etc., é dicir, non se trata dunha relación pechada) e Administración/s Pública/s (identificadas como as distintas Administracións con competencia sobre medios materiais e humanos ao servizo da Administración de Xustiza, o que vale dicir, Ministerio de Xustiza e, no seu caso, Comunidades Autónomas), que se erixen no Servizo de Soporte; e á determinación do código ao que deben axustar a súa conduta os usuarios de servizos, programas e arquivos informáticos deste tipo (emprego profesional exclusivo e persoal limitado e restrinxido), respecto á lexislación en materia de protección de datos persoais, rexistro de información, permanente actualización, autenticidade, integridade e privacidade da información sobre os procedementos xudiciais, e seguimento da actividade, deber de colaboración xeral no mantemento e na constante mellora da aplicación informática de xestión procesual e dos documentos nela integrados, seguridade nos (e dos) programas e arquivos informáticos, acceso á rede interna da organización e identificación do usuario, navegación e utilización da rede Internet e do correo electrónico (*e-mail*), así como os aspectos relativos á sinatura electrónica, singularmente, á responsabilidade de custodia da clave privada que corresponde a todo usuario.

Neste proceso de modernización da Administración de Xustiza, enmárcase a implantación do sistema informático Lexnet, implantación que, col obxectivo de alcanzar unha realidade xudicial informatizada, esixe a incentivación do emprego de novas tecnoloxías nos sistemas de xestión procesual, e que foi aprobado polo *Acordo do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial de 28 de setembro de 2005* (núm. De Acordo 44).



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

O Proxecto de Real Decreto que aquí se informa, limita a súa regulación ás especificacións técnicas, ás condicións xerais e aos requisitos do sistema Lexnet, á fixación dos termos adecuados para o seu funcionamento, no marco do previsto na regulación xeral substantiva aplicable (é dicir, lexislación sobre protección de datos, sinatura electrónica, e singularmente normativa procesual aplicable aos actos de comunicación).

Cómpre salientar que este texto normativo, o que é obxecto deste informe, non regula, nin establece, nin modifica os efectos xurídicos deste tipo de actos, cuestión, indubidablemente, reservada á lei (por ende, ao lexislador). Dende esta perspectiva é perfectamente respectuoso coa lexislación procesual, á que queda remitida a cuestión da eficacia xurídica dos precitados actos de comunicación procesual.

A estes efectos, convén sinalar que os efectos xurídicos destes actos non se ven modificados, nin transformados pola utilización de medios técnicos. Tampouco a súa finalidade e consecuencias do modo de realización.

Non obstante, o certo é que a introdución de instrumentos telemáticos presenta novos aspectos na súa realización que derivan e son de carácter marcadamente técnico.

Neste punto, o Proxecto regula de forma adecuada a cuestión, garantindo o funcionamento durante vinte e catro horas do día (sen prexuízo da realización de traballos de mantemento ou paradas do sistema debidas a razóns técnicas, planificadas e avisadas cunha antelación mínima de vinte días), sen que isto supoña a alteración do establecido legalmente en canto ao tempo hábil para as actuacións procesuais,



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

prazos e cómputo, nin permita trato discriminatorio na tramitación e resolución dos procesos xudiciais.

O sistema baséase na utilización do correo electrónico seguro, é dicir, dotado e cumpridas as necesarias medidas e esixencias en punto á seguridade e fiabilidade da comunicación, e da sinatura electrónica.

Neste punto remítese e reflicte as citadas medidas e esixencias de seguridade, que son as establecidas na Lei 59/2003, de 19 de decembro, que inclúe as garantías de autenticidade, integridade, confidencialidade e non repudio das comunicacións.

Iso si, cómpre destacar que o sistema engade novas medidas garantidoras, que responden á propia natureza da realidade a regular, é dicir, a tramitación, a comunicación procesual, o traslado e recepción de documentación por medios telemáticos; actos de comunicación e envío de documentación de importancia vital para a defensa dos dereitos e intereses dos individuos, por tanto, para a efectividade do dereito á tutela xudicial efectiva. Estas medidas son as relativas ao selo de custodia e ao selo de tempo.

A implantación da vía telemática non exclúe o emprego da existente na actualidade, senón que se presenta como unha opción que abre novas posibilidades tanto aos cidadáns e a súa representación legal e procesual, como á Administración de Xustiza, ampliándose as vías de acceso e facilitación de actuación ante os tribunais.

Trátase, por tanto, de medidas de reforzo, non substitutivas, que se prevén de implantación progresiva, sendo a súa utilización de carácter voluntario, salvo para os Secretarios xudiciais e funcionarios dos Corpos



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

ao servizo da Administración de Xustiza (destinados en Oficinas Xudiciais que dispoñan do sistema e estean dotadas dos medios técnicos necesarios), por unha banda, e os Colexios de Procuradores, pola outra, que contén cos medios técnicos necesarios (art. 4 do Proxecto).

Esta instauración limitada non impide unha extensión posterior. O Proxecto móstrase prudente e debe valorarse positivamente que non pretenda, de plano, unha implantación xeneralizada e rápida, para a que probablemente nin Administración de Xustiza, nin profesionais e cidadáns estean plenamente preparados.

Deste xeito, na Disposición transitoria Única dispónse a implementación gradual do sistema, tendo en conta as posibilidades técnicas e orzamentarias, e a eventual incorporación doutros posibles usuarios do sistema Lexnet (Disposición transitoria Única).

Daquela, en conxunto, o texto do Proxecto de Real Decreto realiza unha regulación adecuada e razoable da cuestión, propoñéndose a consecución do obxectivo de implantación de medios telemáticos na Administración de Xustiza de forma paulatina, controlada, consciente das enormes vantaxes que ofrecen, pero tamén dos eventuais riscos que, nunha materia tan sensible a efectos de garantía e protección de dereitos e intereses individuais, incluíndo dereitos fundamentais (e o primeiro e de forma irremediable o dereito á tutela xudicial efectiva que recoñece a nosa Constitución no art. 24), poden ter.

Certamente, o texto do Proxecto desenvólvese nos termos permitidos pola lexislación procesual aplicable, así os arts. 230 LOPX, xa mencionado, e fundamentalmente, os arts. 135.5 e 162 LEC, referidos ao



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

emprego dos sistemas e medios modernos e aos actos de comunicación por medios electrónicos, informáticos e similares.

Non cabe, consecuentemente, presentar obxección ningunha ao respecto.

Non obstante, si se queren realizar dous tipos de observacións, unha de carácter máis xeral, incluíndo unha referencia á necesaria adaptación da lexislación procesual, e a outra, centrada no ámbito de aplicación da norma.

A primeira dela xa a mencionou este Consello no *Acordo do Pleno de 28 de setembro de 2005*, polo que se aprobou, como se dixo, este sistema Lexnet de Servizo de presentación telemática de escritos e notificacións.

Naquela ocasión, o Pleno deste órgano realizou as seguintes consideracións:

- i) seguir avanzando nos traballos orientados a conseguir unha integración completa de Lexnet nas aplicacións de xestión procesual, co obxectivo de lograr unha “total «transparencia» para o «usuario xudicial»”, de forma que este perciba o seu emprego como facilitador do traballo diario;
- ii) introducir nas aplicacións informáticas de xestión procesual “os pertinentes «controles» tendentes a evitar a posta en marcha do sistema de notificación sen que previamente se firmase a resolución a notificar”;



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

- iii) constatar que as experiencias realizadas ata o momento, a partir do establecemento de «protocolos particulares» cos Colexios de Avogados e Procuradores, non constitúen o método máis adecuado para unha implantación futura de Lexnet, en tanto, o «convenio» ou «protocolo» “non é a forma máis adecuada de regular cuestións de transparencia procesual”, podendo contravir o art. 1 LEC, que non pode ser suplida por esta fórmula, e, por tanto,

- iv) poñer de manifesto a necesidade de proceder ás oportunas reformas legais de carácter procesual, para dar unha resposta xurídica conxunta e harmoniosa á nova realidade; reforma que se debería referir, polo menos, á presentación de documentos electrónicos coa demanda (xa que, lémbrese que a LEC esixe a presentación de orixinais, obriga que non casa ben co emprego de medios telemáticos), determinación do inicio dos efectos xurídicos da presentación informática e das notificacións (emisión e recepción, datos de identificación), clarificación da eficacia dos acuses de recibo que xera o sistema, entre outras.

Neste sentido, este Informe fai súas as observacións que entón realizou o Pleno deste órgano respecto á implantación do sistema Lexnet, e insiste na necesidade de reformar a LEC para o adecuado funcionamento do sistema, así como no devandito respecto á práctica vinculada ao establecemento de acordos con Colexios Profesionais, en tanto o Proxecto persiste en afirmar que a progresiva implementación considerará, entre outros elementos, a incorporación a Lexnet doutros potenciais usuarios, a partir da celebración de “acordos cos Colexios Profesionais e outras administracións e institucións e organismos públicos



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

relacionados coa Administración de Xustiza” (Disposición transitoria Única do Proxecto).

Polo que se refire á segunda consideración, é dicir, a relativa ao ámbito de aplicación da norma, convén recordar que sobre esta materia posúen, e, consecuentemente, exercen competencias diferentes Administracións públicas, é dicir, a Administración Xeral do Estado, por medio do Ministerio de Xustiza, e as Comunidades Autónomas con competencias asumidas en materia de Xustiza.

Pois ben, nesta orde de cosas, o Proxecto de Real Decreto sobre implantación na Administración de Xustiza do sistema informático de telecomunicacións Lexnet para a presentación de escritos e documentos, o traslado de copias e a realización de actos de comunicación procesual por medios telemáticos, aplicarase, segundo o art. 1 do texto informado, na Administración de Xustiza.

Pola súa banda, a Disposición adicional primeira (referida ao ámbito territorial de implementación), dispón que terá lugar “nas Oficinas Xudiciais correspondentes ao ámbito de actuación do Ministerio de Xustiza, sen prexuízo da extensión e utilización do sistema nas Comunidades Autónomas con competencias asumidas en materia de Xustiza no marco dos correspondentes convenios de colaboración que poidan celebrarse con este obxecto”, e no art. 6 do mesmo corpo normativo, relativo á administración do sistema, atribúeselle ao Ministerio de Xustiza, que se define como encargado de administrar e manter o entorno operativo e dispoñibilidade do sistema, “a responsabilidade da realización das tarefas necesarias que garantan o correcto funcionamento, a custodia e a seguridade do sistema, sen prexuízo das atribucións correspondentes ás Comunidades Autónomas con competencias



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

asumidas en materia de xustiza nos termos dos Convenios de Colaboración subscritos con estas.”

Dada a importancia de cuestións como as enunciadas neste precepto, non só dende o punto de vista técnico, senón, en canto aquí máis interesa, as implicacións que a administración, mantemento, dispoñibilidade, funcionamento, custodia e seguridade do sistema poden ter (e, loxicamente, as eventuais afeccións que poden provocar) nos dereitos e intereses dos cidadáns, e directamente no seu dereito á tutela xudicial efectiva, e na prestación do servizo da Xustiza, conviría reformularse a posibilidade de establecer un marco xeral de colaboración Estado-Comunidades Autónomas que, sen prexuízo dos oportunos Convenios de colaboración, estableza unhas pautas de actuación uniforme e conxunta na materia.

É todo canto ten que informar o Consello Xeral do Poder Xudicial.

E para que conste e teña efectos, estendo e asino a presente en Madrid, a doce de xullo do ano dous mil seis.